

# Chanfaina Lab e o cinema galego

HENRIQUE  
DACOSTA



Cal debe ser a denominación correcta para o cinema que é de noso? "Cinema galego/cinema en galego/cinema en Galiza", velaquí o coloquio posibilitado por Brais Romero Suárez hai xa tres anos no Centro Cívico de Canido. O debate aberto, talvez sen solventar a día de hoxe, posúe suficientes arestas como para poder matizar conceptualmente esta arte, cuxos intervenientes son múltiples. A literatura, aínda gardando unha certa proximidade con el, goza sen dúbida de menor complexidade, vista a cantidade de elementos adxuvantes que aquel achega: dirección, produción, guión, actores, locución, música, etc. O elemento rector básico que nos axuda a catalogar e establecer a etiqueta de galega, falando no caso de literatura, será tan só o soporte lingüístico, a lingua utilizada e, por tanto, ningunha dúbida nos ha de ofrecer.

Actores e actrices galegos, directores e produtores galegos, idealmente polo menos, terían que conformar esa constelación de persoas e colaboradores necesarios para consolidaren unha infraestrutura sólida que aposte polo cinema de noso. Á vontade de estilo de que a literatura (e o cinema) precisa, alén da de querer contar unha historia, reflectir sentimentos, etc., engadímoslle a lingua en que a obra é creada, pois bríndanos unha maneira de poder observar e interpretar o mundo. Os elevados custos do cinema acostuman ser, talvez, o maior dos obstáculos para isto. Mais un dos nosos mellores cineastas, Ignacio Vilar, afirma que estamos a atravesar un dos momentos chave para o noso cinema. É necesario, apostila, desenvolver unha industria en torno a el e unha escola de formación. O filme "A esmorga" (2014), estreada simultaneamente en galego en 26 salas de Galiza, con enorme éxito de público e de permanencia, alén de numerosos premios, nomeado aos Goya e galardoadada no estranxeiro, dá fe de que isto é posíbel. O cinema galego é capaz de dar beneficios e ser prestixioso. Pénsese, se non, no recente "O que arde" (2019), de Oliver Laxe, con sete galardóns conseguidos (Cannes, San Sebastián, Toronto, Chicago, Mar del Plata, Hainan e nos Goya) e copiosa asistencia de espec-



tadores en salas, non só de Galiza.

Teríamonos que retrotraer a aquel glorioso 1989 para fixalo como o verdadeiro raio de esperanza ou instante cental do noso cinema. As longametraxes "Continental", "Urxa" e "Sempre Xonxa" estreábanse en Vigo, para logo se trasladaren a outros puntos de Galiza. En Fene acontecía un ano depois, sendo exhibidas na desaparecida sala Perla, programación que se completaba coa mediametraxe "Río de sombras", e as curtametraxes "Mamasunción" e "Esperanza", ambas de Chano Piñeiro. Na década precedente, e nas Xornadas de Cinema de Ourense, dicíase: "Non cabe falar de cine galego se de Galiza se utiliza só a paisaxe, os escenarios, o tema folclórico. A melaza señoril de "La Casa de la Troya" e o naturalismo literario de "El bosque del lobo" non nos pertencen, nada noso teñen." Nacían as primeiras produtoras (Nós, Cinematográfica Galega S.A.), a convocatoria de concursos, a realización de curtametraxes, as xornadas como as do Carballiño, etc. Foron, pois, pasos de xigante os que se deron para chegarmos ao que hoxe posuímos, un cinema de noso que, xulgamos, deba camiñar aínda con maior firmeza.

Actualmente gozamos dun vizoso cinema documental, mais o camiño foi arduo desde que en 1940 se filmara "O carro", un dos primeiros netamente galegos, con guión de Xoquín Lorenzo e dirección de Antonio Román. Desde a traxedia dos veciños que teñen que abandonar as súas casas pola construción dun encoro, en "Os días afogados", á loita pola sobrevivencia por un modo de vida singular, en "Arraianos", pasando por "Todos vós sodes capitáns", a historia dun orfanato de Tánxer, ou por

"Costa da Morte", un documental que explora as vidas dos seus habitantes e as adversidades que os ligan ao medio físico, máis actuais todos estes, o audiovisual galego foi consolidándose. Os premios poden ser un revulsivo para unha maior difusión dos nosos filmes, ora a súa visibilidade continúe a ser bastante escasa nas salas comerciais. A lingua, como dicíamos, é o elemento nuclear que liga e singulariza a pertenza ao lugar, a ser cinema galego de verdade.

A tal efecto, resulta encomiábel o traballo que está a desenvolver o Chanfaina Lab, unha iniciativa nacida dos veciños de San Sadurniño en 2014. Dous días, 6 e 7 de setembro, en que diferentes persoas do mundo audiovisual se entregaron ao labor de valorizar o territorio do municipio de San Sadurniño, espazo que, segundo as bases, debe ser plasmado, e que se leva repetindo desde hai seis anos. O filme producido, que ten que durar entre tres e cinco minutos, goza de absoluta liberdade, tanto sobre o tema escollido como sobre o tratamento visual. A ollada contemporánea acerca da paisaxe rural, a emigración, o devalar do tempo, as diferenzas paisaxísticas e sociolóxicas entre as sete parroquias que compoñen o concello, converteron a San Sadurniño nesa primeira edición un universo por descubrir, alén de se presentaren propostas visuais francamente innovadoras.

Na páxina Web "Fálame de San Sadurniño" dísenos o seguinte: "O nome de chanfaina alude a unha receita tradicional dos territorios de antigos señoríos, cando as partes "nobres" do animal se lles entregaban aos Señores, mentres as vísceras e as partes máis pobres se quedaban na

cociña dos labregos, coas que preparaban a denominada chanfaina, de grande tradición nas parroquias de Bardaos e Igrexafeita." Así pois, nesta primeira Chanfaina Lab figuran autores relevantes do audiovisual galego como Alberte Pagán, Alfonso Zarauza, Ánxela Caramés, Beli Martínez, Felipe Lage, Jaione Camborda, Marcos Nine, Mario Iglesias, Sonia Méndez, Victor Hugo Seoane, Xacio Baño, Xisela Franco, Xosé Manuel Sande, Xurxo Chirro ademais de autores de Ferrolterra como Pablo Portero, Miguel Noval, Cesar Galdo, David Balado, Fer Patiño ou Brais Breijo. O caso é que o Chanfaina Lab vai camiño da súa sétima edición. E mentres en 2014 houbo unha morea de persoas vinculadas ao Novo Cinema Galego, aínda que sen participación popular, hoxe si é moi habitual que suceda. Lévanse rodados máis de 150 filmes no total, sendo na sexta edición trinta os traballos, e o 30% realizados por xente de San Sadurniño. Na edición de 2017 contou coa participación do mesmísimo Oliver Laxe e neste ano pasado, Miguel de Lira foi o seu presentador. Cinema documental, ficción e non ficción, reportaxes... todo ten cabida, así como a diversidade de autores que concorren ao festival. Tanto ten se os eólicos se transforman en xigantes, se a pesca no río non foi produtiva, se o formigueiro roxe ou se o senegalés Mbemba se aclimatou a Sansa. Conta o entusiasmo posto pola veciñanza deste pequeno municipio que, sen apoio do Agadic e por iniciativa do Concello, só obtén axuda da Deputación da Coruña para levar adiante un belo proxecto que logrou pór no mapa a orgullosa identidade dun pobo, e unha canteira de circios cineastas.